

DICIONARIO COLABORATIVO INTERCENTROS

CEIP DE LOURO/CEIP XOAQUÍN LORIGA

Introdución

O estudo e coñecemento das variantes do galego e do léxico patrimonial por parte do alumnado de Educación Primaria require métodos vivenciais e significativos que lles permitan achegarse a conceptos sociolingüísticos que lles resultan demasiado complexos e abstractos.

Así pois, artellamos un proxecto colaborativo entre centros das diferentes zonas e bloques dialectais, nos que o alumnado leva a cabo recollida de léxico patrimonial co que se elabora un dicionario colaborativo online.

O contraste entre o vocabulario recollido nas diferentes zonas, e deste co galego estándar, permite achegarnos ao concepto de variación diatópica ou xeográfica da lingua.

O traballo permite, ao tempo que unha interiorización en idades temperás de conceptos e categorías abstractas e complexas de categorización da realidade lingüística, unha recollida e catalogación de léxico patrimonial das diferentes áreas xeográficas do galego.

Metodoloxía

1. Presentación da proposta nas aulas:

Como motivación ao proxecto, pedimos en aula palabras "enxebres" da súa zona, aquelas que cren que non se atopan no dicionario pero son netamente galegas e non castelanismos. Comprobamos se están ou non recollidas no dicionario (cantas sorpresas levamos con esta acción!) e reflexionamos sobre quen e como fai esta selección, como se crea o estándar dunha lingua.

Preguntamos se coñecen outras formas para os vocábulos propostos empregadas en diferentes lugares de Galicia. Por último, convidámoslos a participar no proxecto de dicionario colaborativo con outros centros da nosa comunidade para ir coñecendo entre todas e documentando esta riqueza léxica, que moitas veces non forma parte do estándar.


2. Recollida do léxico:

Nunha sinxela folla de rexistro organizada en columnas recollen o vocabulario, especificando o vocábulo, as formas estándar (para isto empregarán un dicionario), o lugar da recollida e o informante (nome e idade).

VOCABLO NA NOSA ZONA	VOCABLO NO GALEGO ESTÁNDAR	VOCABLO RECOLLIDO NO COLE DE	INFORMANTE (NOME, XENERO E IDADE)

3. Introdución do léxico no dicionario colaborativo:

Coa ferramenta Google Keep elaboramos unha entrada compartida para cada palabra, na que se consigna: vocábulo, significado, bloque de recollida, formas equivalentes noutros bloques (achegadas polos centros situados en cada área), exemplo de oración empregando a forma e imaxe ilustrativa (obtidas de buscadores de imaxes gratuítas con dereitos de uso compartido).



4. Búsqueda de vocábulos na nosa zona para o léxico introducido polos outros centros:

Periodicamente, comprobamos as novas entradas realizadas polos outros centros, anotando as novas palabras e consultando cos nosos informantes se as coñecen e se na zona existen vocábulos similares ou diferentes para designar a mesma realidade. Introducimos nas fichas os nosos achádegos, indicando claramente a zona de recollida.

Resultados

En canto á actividade nace co obxectivo de permitir un achegamento significativo e afectivo aos conceptos de variación diatópica e estándar da lingua en alumnado de Educación Primaria (6-12), os resultados pretendidos e acadados sono en termos de aprendizaxe, non de exhaustividade e extensión da recollida. Neste sentido, podemos sinalar os seguintes resultados:

- Interiorización vivencial dos conceptos sociolingüísticos traballados.
- Coñecemento da riqueza léxica da súa zona e, por extensión, das diferentes zonas de Galicia.
- Desenvolvemento dun sentimento de apego e querenza polo patrimonio lingüístico propio e polas formas enxebres empregadas na súa comunidade.
- Desenvolvemento da conciencia de pertenza a unha comunidade cunha identidade cultural propia.

Conclusiones

A adaptación de métodos de investigación sociolingüística na ensinanza, dende idades temperás (Educación Primaria) revélase como unha ferramenta potente e de enorme utilidade tanto para coñecer e por en valor o patrimonio da comunidade de referencia, como para garantir a comprensión de conceptos e realidades abstractas e complexas (variantes, estándar, trazos dialectais), ao tempo que constrúe unha mirada científica e vivencial das ciencias sociais e os seus métodos de investigación (concepto de estatística inferencial, mostra, poboación).